

* A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ao número de postos escolares establecido no artigo 27.1º do Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

* O «grao de utilización» expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

* Na marxe permitida polo «grao de utilización», os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non se debe interpretar que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.4. Validacións, correspondencias e acceso a estudos universitarios.

4.4.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

* Recollida, preparación e conservación de mostras biolóxicas humanas.

* Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas.

* Fundamentos e técnicas de análises microbiolóxicas.

4.4.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

* Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade ou no gabinete de laboratorio de diagnóstico clínico.

* Recollida, preparación e conservación de mostras biolóxicas humanas.

* Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas.

* Fundamentos e técnicas de análises microbiolóxicas.

* Formación e orientación laboral.

* Formación en centros de traballo.

4.4.3. Acceso a estudos universitarios.

* Mestre (todas as especialidades).

* Diplomatura en educación social.

* Diplomatura en enfermaría.

* Diplomatura en fisioterapia.

* Diplomatura en logopedia.

* Diplomatura en podoloxía.

* Diplomatura en terapia ocupacional.

* Diplomatura en traballo social.

* Licenciatura en bioloxía.

* Licenciatura en biotecnoloxía.

* Licenciatura en farmacia.

* Licenciatura en medicina.

4.5. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
1º, 2º e 3º trimestre	
80	Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade ou no gabinete de laboratorio de diagnóstico clínico
295	Recollida, preparación e conservación de mostras biolóxicas humanas
450	Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas
55	Formación e orientación laboral
4º, 5º e 6º trimestre	
295	Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas
295	Fundamentos e técnicas de análises microbiolóxicas
70	Proxecto integrado
380	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 80, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 29 de decembro de 2005, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se seleccionan os centros desta comunidade autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2006.

Por Orde do 17 de outubro de 2005 (DOG do 8 de novembro), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para a realización de actividades de escolas viaxeiras durante o ano 2006.

Efectuada a valoración de solicitudes polas comisións provinciais previstas no punto 8 da devandita orde, e conforme a proposta da comisión constituída con tal fin nesta dirección xeral, e en función das atribucións que me foron conferidas pola orde de referencia,

RESOLVO:

Seleccionar os centros para participar na actividade de escolas viaxeiras que se sinalan no anexo que se xunta á presente resolución.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2005.

Mª José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

ANEXO

ETAPA	RUTA	DATA	DENOMINACIÓN	LOCALIDADE	PROVINCIA
1	TENERIFE	28 MARZO-3 ABRIL	CEIP ROGELIO GARCÍA YAÑEZ	RAMIRÁS	OURENSE
1	BALEARES	25 ABRIL-1 MAIO	CEIP NOSA SRA. DAS DORES	FORCAREI	PONTEVEDRA
1	MADRID	2-8 MAIO	CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE	BARREIROS	LUGO
1	C. VALENCIANA	9-15 MAIO	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN	DODRO	A CORUÑA
1	EXTREMADURA	9-15 MAIO	CEIP PADRE CRESPO	XUNQUEIRA DE AMBÍA	OURENSE
1	SORIA	9-15 MAIO	C JORGE JUAN	FENE	A CORUÑA
1	LA RIOJA	16-22 MAIO	CEIP STA. RITA DE GALDO	VIVEIRO	LUGO
1	NAVARRA	16-22 MAIO	CEIP EMILIO NAVASQUÉS	OUTES	A CORUÑA
1	ARAGÓN	23-29 MAIO	CPI ATIOS	VALDOVIÑO	A CORUÑA
1	CATALUÑA	23-29 MAIO	CPI TINO GRANDÍO	GUNTÍN	LUGO
1	NAVARRA	23-29 MAIO	CEIP DE LUÍNTRA	NOGUEIRA DE RAMUÍN	OURENSE
1	SALAMANCA	23-29 MAIO	CEIP MESTRE PASTOR BARRAL	MELIDE	A CORUÑA
1	SORIA	23-29 MAIO	CEIP CARMEN GARCÍA CARRASCO	CENLLE	OURENSE
1	ANDALUCÍA ORIENTAL	30 MAIO-5 XUÑO	CEIP DOS BLANCOS	OS BLANCOS	OURENSE
2	NAVARRA	26 SETEMBRO-2 OUTUBRO	CEIP IRMÁNS VILLAR	OURENSE	OURENSE
2	CATALUÑA	3-9 OUTUBRO	CET CAIXA DE AFORROS	VIGO	PONTEVEDRA
2	PAÍS VASCO	3-9 OUTUBRO	C PABLO VI-FÁTIMA	A RÚA	OURENSE
2	TOLEDO	3-9 OUTUBRO	CEIP CAMPOLONGO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
2	C. VALENCIANA	17-23 OUTUBRO	CEIP MANUEL VIDAL PORTELA	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
2	MURCIA	17-23 OUTUBRO	CPI DOCTOR LÓPEZ SUÁREZ	FRIOL	LUGO
2	NAVARRA	17-23 OUTUBRO	C. SAGRADO CORAZÓN	CELANOVA	OURENSE
2	SORIA	17-23 OUTUBRO	C. GUILLEME BROWN	O PEREIRO DE AGUIAR	OURENSE
2	ANDALUCÍA OCCIDENTAL	24-30 OUTUBRO	CEIP CASÁS	LUGO	LUGO
2	BURGOS	24-30 OUTUBRO	CPI LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
2	CATALUÑA	24-30 OUTUBRO	CEIP DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA
2	LA RIOJA	24-30 OUTUBRO	C. SAGRADO CORAZÓN	O CARBALLIÑO	OURENSE
2	PAÍS VASCO	24-30 OUTUBRO	CEIP DE ROKOS	SANTIAGO DE COMP.	A CORUÑA
2	SALAMANCA	24-30 OUTUBRO	CEIP SAN BARTOLOMÉ	VILANOVA DE AROUSA	PONTEVEDRA
2	ARAGÓN	31 OUTUBRO-6 NOVEMBRO	CEIP VIRXE DO CARME	BURELA	LUGO
2	ANDALUCÍA OCCIDENTAL	7-13 NOVEMBRO	C BOUZA BREI	VIGO	PONTEVEDRA
2	ARAGÓN	7-13 NOVEMBRO	CEIP O AREAL	CAMARIÑAS	A CORUÑA
2	EXTREMADURA	7-13 NOVEMBRO	CEIP CONDESA DE FENOSA	O BARCO DE VALD.	OURENSE
2	MADRID	7-13 NOVEMBRO	CEIP Nº 1 DE FOZ	FOZ	LUGO
2	TOLEDO	7-13 NOVEMBRO	CEIP MONTERROSO Nº 1	MONTERROSO	LUGO
2	MADRID	14-20 NOVEMBRO	CEP XESÚS FERRO COUSELO	VALGA	PONTEVEDRA
2	EXTREMADURA	21-27 NOVEMBRO	CEP DE CALDELAS	TUI	PONTEVEDRA

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 2 de decembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Cespa, S.A. (persoal adscrito á contrata de xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo).

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Cespa, S.A.* (persoal adscrito á contrata de xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo), con número de código 3604051, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 16-11-2005, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, o 4-11-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decre-

to 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 2 de decembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra